

## **DITAME SOBRE O PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS**

Polo Servizo de Facenda Local tramítanse os expedientes para a modificación de determinadas Ordenanzas fiscais, polo que, antes da súa remisión ao órgano competente para a súa aprobación interésase deste Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo, o preceptivo Ditame a que se refire o artigo 137.1 apartado b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local.

Este Tribunal Económico-Administrativo, ao abeiro do establecido no artigo 4º.b) do seu Regulamento Orgánico, ten atribuída, entre outras funcións, a de emitir un ditame dos proxectos de modificación das Ordenanzas fiscais.

En cumprimento da normativa anteriormente mencionada, e á vista dos citados expedientes, no que constan as modificacións que se propoñen, este Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo reunido en pleno emite o seguinte

### **DITAME**

#### **I. ANTECEDENTES**

Con datas do 11 e 13 de outubro de 2022, remitíronse a este Tribunal Económico-Administrativo os expedientes coa documentación correspondente á modificación de determinadas Ordenanzas fiscais, ao obxecto da emisión do ditame preceptivo. A documentación remitida en cada un dos expedientes consta dos seguintes elementos, a partir dos cales se redacta o presente ditame:

#### **1. Expediente de modificación da Ordenanza fiscal xeral.**

- a) Decreto núm. 9395/2022, do 27 de setembro de 2022, ditado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos polo que se acorda o inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.
- b) Informe da Tesoureira de data do 4 de outubro de 2022 no que se conteñen as súas propostas de modificación da Ordenanza fiscal.
- c) Informe-proposta de Facenda Local de data do 10/10/2022 no que se conteñen as súas propostas de modificación da Ordenanza fiscal.

**TRIBUNAL ECONÓMICO-AMINISTRATIVO**

PLENO

Refª: ispac3486244378158536449.doc

Asunto: Ditame modificacións Ordenanzas fiscais.

c) Informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data do 11 de outubro de 2022, co conforme do Xefe da Asesoría Xurídica.

d) Anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, de data do 11 de outubro de 2022.

**2. Expediente de modificación da Ordenanza fiscal núm. 103, reguladora das Taxas pola prestación de servizos Urbanísticos.**

a) Decreto núm. 9395/2022, do 27 de setembro de 2022, ditado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos polo que se acorda o inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

b) Informe-proposta de Facenda Local de data 10 de outubro de 2022 no que se conteñen as súas propostas de modificación da Ordenanza fiscal.

c) Informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data do 11 de outubro de 2022, co conforme do Xefe da Asesoría Xurídica.

d) Anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, de data do 11 de outubro de 2022.

**3. Expediente de modificación da Ordenanza fiscal núm. 116, reguladora das Taxas pola prestación de servizos nas escolas infantís (0-3 anos) municipais.**

a) Decreto núm. 9395/2021, do 27 de setembro de 2022, ditado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos polo que se acorda o inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

b) Informe da Xefa do Servizo de Educación de data do 6 de outubro de 2022 de previsión de alumnos aos que se prestará o servizo nas Escolas Infantís (0-3 anos) municipais, así como informe da Xefa do Servizo de Educación co visto e praxe do Concelleiro de Educación e Difusión do Coñecemento de data do 6 de outubro de 2022, no que se conteñen as súas propostas de modificación da Ordenanza fiscal.

c) Estudo de custos, de data 7 de outubro de 2022, polo que se determina o importe das taxas pola prestación do servizo no exceden, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo de acordo co previsto no artigo 24.2

do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

d) Informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data do 11 de outubro de 2022, co conforme do Xefe da Asesoría Xurídica.

e) Anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, de data do 11 de outubro de 2022.

#### **4. Expediente de modificación da Ordenanza fiscal núm. 152, reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública.**

a) Decreto núm. 9395/2022, do 27 de setembro de 2022, ditado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos polo que se acorda o inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

b) Informe- proposta de Facenda Local de data 11 de outubro de 2022 no que se conteñen as súas propostas de modificación da Ordenanza fiscal.

c) Estudo de custos elaborado pola xefa do Servizo de Facenda Local do 11 de outubro de 2022 para a modificación das taxas que gravan o aproveitamento especial da vía pública.

d) Informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data do 11 de outubro de 2022, co conforme do Xefe da Asesoría Xurídica de data 12 de outubro de 2022.

e) Anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, de data do 13 de outubro de 2022.

#### **5. Expediente de modificación da Ordenanza fiscal núm. 153, reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas de vía pública.**

a) Decreto núm. 9395/2022, do 27 de setembro de 2022, ditado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos polo que se acorda o inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

b) Informe- proposta de Facenda Local de data 11 de outubro de 2022 no que se conteñen as súas propostas de modificación da Ordenanza fiscal.

c) Estudo de custos elaborado pola xefa do Servizo de Facenda Local do 11 de outubro de 2022 para a modificación das taxas que gravan o aproveitamento especial da vía pública.

d) Informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data do 11 de outubro de 2022, co conforme do Xefe da Asesoría Xurídica de data 12 de outubro de 2022.

e) Anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, de data do 13 de outubro de 2022.

#### **6. Expediente de modificación da Ordenanza fiscal núm. 200, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

a) Decreto núm. 9395/2022, do 27 de setembro de 2022, ditado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos polo que se acorda o inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

b) Informe- proposta de Facenda Local de data 10 de outubro de 2022 no que se conteñen as súas propostas de modificación da Ordenanza fiscal.

c) Informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data do 11 de outubro de 2022, co conforme do Xefe da Asesoría Xurídica.

d) Anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, de data do 11 de outubro de 2022.

#### **7. Expediente de modificación da Ordenanza fiscal núm. 201, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.**

a) Decreto núm. 9395/2022, do 27 de setembro de 2022, ditado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos polo que se acorda o inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

b) Informe-proposta de Facenda Local de data 10 de outubro de 2022 no que se conteñen as súas propostas de modificación da Ordenanza fiscal.

c) Informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data do 11 de outubro de 2022, co conforme do Xefe da Asesoría Xurídica.

d) Anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, de data do 11 de outubro de 2022.

#### **8. Expediente de modificación da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.**

a) Decreto núm. 9395/2022, do 27 de setembro de 2022, ditado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos polo que se acorda o inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

b) Informes-proposta de Facenda Local de data 10 de outubro de 2022 no que se conteñen as súas propostas de modificación da Ordenanza fiscal.

c) Informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data do 11 de outubro de 2022, co conforme do Xefe da Asesoría Xurídica.

d) Anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, de data do 11 de outubro de 2022.

#### **9. Expediente de modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do Imposto sobre bens inmobles.**

a) Decreto núm. 9395/2022, do 27 de setembro de 2022, ditado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos polo que se acorda o inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

b) Informes-proposta de Facenda Local de data 10 e 11 de outubro de 2022 no que se conteñen as súas propostas de modificación da Ordenanza fiscal.

c) Informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data do 11 de outubro de 2022, co conforme do Xefe da Asesoría Xurídica.

d) Anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, de data do 11 de outubro de 2022.

## II. CONTIDO

Con carácter previo, debe sinalarse que o presente Ditame límitase unicamente á valoración dos aspectos estritamente xurídicos das propostas de modificación e da implantación e establecemento da nova Ordenanza fiscal que se nos presentan, polo que quedan fóra da nosa análise todas as cuestións de política tributaria que estas puidesen subscitar.

Ademáis, débese facer constancia de que a elaboración do presente ditame se fai con carácter de mínimos, tendo en conta o prazo transcorrido entre a remisión do expediente completo das ordenanzas (13 de outubro de 2022) e a data de emisión do mesmo, por mor da data da convocatoria da Xunta de Goberno Local e dos prazos legais de aprobación e exposición pública, motivo polo cal limitámonos a unha análise xenérica.

As modificacións previstas nas Ordenanzas fiscais presentadas comprenden tanto aspectos técnicos como modificacións tarifarias. As **modificacións técnicas** fan referencia a cambios na redacción, adaptacións a nova normativa ou reestructuración de apartados do articulado que optimizan a xestión dos servizos municipais que regula a ordenanza en cuestión e que polo xeral non teñen impacto económico directo. Por outra banda, as **modificacións tarifarias** corresponden a revisións nas tarifas das taxas.

No presente epígrafe realízase unha descrición e análise individualizado das modificacións técnicas e tarifarias que se propoñen das respectivas Ordenanzas fiscais:

1. No anteproxecto de modificación da **Ordenanza fiscal xeral** recóllense as modificacións propostas pola Tesoureira Municipal que abranguen unha serie de cambios de redacción e adaptacións do articulado que optimizan a xestión do Servizo de tesourería municipal na aplicación desta ordenanza. Así mesmo recóllese a modificación proposta polo Servizo de Facenda Local para entender presentada a solicitude de aplicación dunha exención ou bonificación simplemente coa súa aplicación na autoliquidación.

2. No anteproxecto de modificación da **Ordenanza fiscal núm. 103, reguladora das Taxas pola prestación de servizos ubanísticos** suprímese a exención prevista nas taxas polas obras destinadas estritamente ao Centro Integral do Barrio da Residencial ao terse finalizado o Convenio coa Consellería de Sanidade en virtude do cal estableceuse a exención.

3. No anteproxecto de modificación da **Ordenanza fiscal núm. 116, reguladora das Taxas pola prestación de servizos nas Escolas Infantís (0-3 anos) municipais**, a proposta da Concellería de Educación e Difusión do Coñecemento,

modifícase o punto 2 do artigo 3º actualizando o cadro das taxas a aboar mensualmente, desglosando as mesmas na parte correspondente á atención e ao comedor. O importe da cota atención increméntase a partires do 1 de xaneiro de 2023 e a cota comedor a pagar pola prestación deste servizo mantense idéntica. A cota comedor volve increméntarse a partires do mes de setembro de 2023, manténdose igual a cota de atención.

Suprímese o artigo 7º, relativo aos descontos, por canto coas novas cotas a aboar non procede a aplicación de descontos só para a cota comedor.

Por último, modifícase a Disposición Final, para establecer que estas modificacións comecen a aplicarse dende a publicación no BOP.

A modificación tarifaria da cota de atención e da cota comedor atópanse xustificada na Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís da Xunta de Galicia. O estudo económico que obra no expediente pon de manifesto que o importe das taxas pola prestación do servizo non excede do custo real ou previsible do servizo, tal e como esixe o artigo 24.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Calcúlase unha estimación de ingresos en función da previsión de alumnos, determinando que os ingresos se sitúan moi por debaixo dos custos correspondentes ao servizo determinados segundo os datos obtidos da conta xeral do exercicio 2021.

**4. No anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 152, reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública, propónse a modificación das tarifas reguladas no artigo 4º epígrafes B, C, D e do apartado grúas do apartado 2 do epígrafe F.**

Esta modificación tarifaria atópase xustificada no preceptivo estudo de custos que determina o valor de mercado da utilidade obtida pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal nestes concretos casos.

Cúmrese así a esixencia de estudo establecida no artigo 25 do citado Real decreto legislativo 2/2004.

**5. No anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 153, reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas de vía pública, propónse a modificación dos epígrafes A e B do artigo 4.1.**

Esta modificación tarifaria atópase xustificada no preceptivo estudo de custos que determina o valor de mercado da utilidade obtida pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal.

Cúmprese así a esixencia de estudo establecida no artigo 25 do citado Real decreto lexislativo 2/2004.

**6. No anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 200, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica** propónse a modificación do parágrafo terceiro do artigo 5 relativo ao procedemento de concesión de beneficios fiscais neste imposto. No suposto de que un vehículo teña concedida unha exención por discapacidade cun certificado de discapacidade con validez non definitiva pola temporalidade do devandito certificado, propónse que se manteña a continuidade de exención, se se presenta un novo certificado prorrogado, durante o exercicio no que finalice a temporalidade do certificado, aos efectos de evitar as correspondents anulacións e devolucións de recibos.

**7. No anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 201, reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana** propónse a modificación do artigo 14 relativo á base impositiva, en concordancia co establecido no artigo 107.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, para considerar os períodos de xeración inferiores a 1 ano e superiores a 20 anos.

**8. No anteproxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras** propónse engadir ao artigo 4ºbis "exencións e bonificacións", un parágrafo oitavo para regular que as bonificacións dos parágrafos 2º a 7º deste artigo son a instancia de parte, e admitir como solicitude implícita a aplicación da bonificación na correspondente autoliquidación os efectos da mellora da xestión e simplificación administrativa.

Suprímese o parágrafo 9 do artigo 4º bis "exencións e bonificacións", que regula a bonificación do 95% na cota de obras que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" por tratarse de obras destinadas estritamente ao Centro Integral de Saúde do Barrio da Residencia, posto que o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo - polo que se establecían as bases para a execución das obras do anteproxecto do centro integral de saúde do Barrio da Residencia, Reconversión do Antigo Hospital Materno Infantil de Lugo en centro de saúde mental centro de saúde, PAC e Base do 061-, e polo que se estableceu a devantía exención, finalizou na data de 22.09.2022.

Engádese un parágrafo 9 ao artigo 4º bis "exencións e bonificacións", establecendo unha bonificación do 95% da cota do imposto para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" por tratarse de obras destinadas estritamente a execución das obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa ata a data de 22.06.2026 en virtude do Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a execución das obras de reforma do Centro de Saúde A Milagrosa, asinado



na data de 22.06.2022, vixente por un período de catro anos dende a súa sinatura (ata 22.06.2026), pola cláusula que obrigaba ao Concello a establecer a devandita bonificación. A posibilidade de establecer a devandita bonificación atópase prevista no 103.2.a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**9.** No anteproxecto de modificación da **Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles** establécese unha exención no imposto sobre bens inmobles ata a data de 22.06.2026 a favor dos centros sanitarios de titularidade pública en virtude do Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a execución das obras de reforma do Centro de Saúde A Milagrosa, asinado na data de 22.06.2022, vixente por un período de catro anos dende a súa sinatura (ata 22.06.2026), pola cláusula que obrigaba ao Concello a establecer a devandita exención, todo elo en virtude do 62.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Tamén se modifica o apartado 4) do artigo 5 que regula as bonificacións no imposto sobre bens inmobles aos suxeitos pasivos no imposto que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, aos efectos de facilitar a tramitación dos expedientes no sentido de non ter que renovar anualmente a solicitude de bonificación, senón que se manterá ata o prazo de caducidade do correspondente título de familia numerosa expedido polo órgano competente da administración autonómica.

Todo iso en virtude do establecido no artigo 74.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, no que se establece que na ordenanza fiscal deberán especificarse as aspectos sustantivos e formais da bonificación.

### III. CONCLUSIÓNS

A posibilidade de modificación das ordenanzas fiscais recóllese no artigo 15 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e as modificacións do articulado realízanse a partires das instrucións da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, cuos anteproxectos emitense de conformidade coas súas propias propostas, as propostas realizadas polos Tenentes de Alcaldesa Delegados de Área, Concelleiros Delegados e os responsables dos diferentes Servizos e do informe da xefa do Servizo de Facenda Local, co informe/conforme da Asesoría Xurídica (artigo 51.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo) e, no seu caso, o correspondente estudo de custos que se xunta á proposta de modificación.

## TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

PLENO

Refª: ispac3486244378158536449.doc

Asunto: Ditame modificacións Ordenanzas fiscais.

Tanto as modificacións técnicas como tarifarias propostas axústanse no seu conxunto ao disposto no citado Real decreto legislativo 2/2004 así como ás restantes disposicións legais de aplicación, e en concreto, no caso das taxas, ao establecido nos artigos 20 a 27 (e en particular, no artigo 24.2, por canto o seu importe, se indica non excede en ningún caso do custo real ou previsible do servizo ou actividade ou do valor da prestación recibida), e no caso dos impostos ao disposto na Sección 3ª, Capítulo II do Título II.

Por todo o anterior, examinados os expedientes remitidos e coas consideracións anteriores, o Pleno do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo acorda **ditaminar favorablemente** o conxunto das modificacións propostas nas ordenanzas fiscais por consideralas adecuadas ao disposto na lexislación vixente.

Para a aprobación da modificación das ordenanzas fiscais requírese, que con posterioridade a este ditame, se realicen os seguintes trámites:

- Informes do Secretario xeral do Pleno (artigo 3.3.d)1º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, do réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional) e do Interventor xeral municipal (artículos 214 y siguientes del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y artículos 29 y siguientes del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el Régimen Jurídico del Control Interno del Sector Público Local).
- Aprobación pola Xunta de Goberno Local dos proxectos de modificación e actualización das Ordenanzas fiscais (artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local [LRBRL]).
- Aprobación provisional da modificación das Ordenanzas fiscais polo Pleno, requirindo maioría simple (artigo 17.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo [TRLRFL] e 123.1.d) da LRBRL).
- Publicación do anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como nun diario dos de maior difusión dentro da provincia de Lugo (artigo 17.2 do TRLRFL).
- Exposición pública durante un mínimo de 30 días hábiles no Taboleiro de anuncios do Concello (artigo 17.1 do TRLRFL).
- Valoración, de ser o caso, das reclamacións presentadas pola Xunta de Goberno Local (artigo 93.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo).

- Resolución polo Pleno das reclamacións presentadas e aprobación da redacción definitiva das modificacións propostas das Ordenanzas fiscais (artigo 17.3 do TRLRFL).
- Publicación do texto integro das ordenanzas definitivamente aprobadas ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (artigo 17.4 do TRLRFL).

De acordo co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL no caso que finalizado o período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional sen necesidade dun novo acordo plenario.

Así mesmo, deberá editarse o texto íntegro das ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente (artigo 17.5 do TRLRFL).

De conformidade co artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá publicarse no Portal de Transparencia do Concello de Lugo o proxecto definitivo das Ordenanzas, os informes e ditames que se tivesen emitido así como os estudos de custos que fundamentan a modificación no seu caso.

Asinado dixitalmente polo presidente do Tribunal Económico-Administrativo, Emilio Justo Fernández Pita, pola secretaria, Ana Tabarés Martínez, e polo vogal, Pedro Fernández Agustí, na data que se indica á marxe.